

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O COMITÉ DE ENTIDADES REPRESENTANTES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE GALICIA PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DO MANTEMENTO DA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2024

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Luciano Fernández Pintor, con DNI [REDACTED], presidente do Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (en adiante CERMI de Galicia), co NIF G15696792, elixido na X Asemblea Extraordinaria de data 30 de novembro de 2020 de acordo co recollido nos seus estatutos, aprobados na Asemblea Xeral Extraordinaria de data 8 de xullo de 2020, que actúa en nome e representación da entidade, de conformidade do disposto no artigo 31 dos estatutos, como así consta na súa inscrición no Rexistro de asociacións.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras

administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que CERMI de Galicia, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 1999/227-1, tendo por finalidade, entre outras, de conformidade co recollido nos seus estatutos, participar plenamente na vida social da Comunidade Autónoma de Galicia, para defender os dereitos das persoas con discapacidade.

A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1188.

Na actualidade CERMI de Galicia desenvolve entre outras as seguintes funcións:

1. Ser un foro de estudo e debate, que desenvolva propostas para a mellora e defensa do colectivo que representa; polo que quedan fóra das súas funcións a xestión de programas ou servizos finalistas ou prestacionais, que quedan na esfera das competencias das Confederacións e Federacións que o integran.
2. Representar as entidades de persoas con Discapacidade da Comunidade Autónoma de Galicia que a constitúen, ante os diferentes órganos gobernamentais e outras instancias públicas e privadas desta Comunidade, en relación coa problemática propia do colectivo representado.
3. Deseñar políticas de actuación encamiñadas a alcanzar a normalización social das persoas con Discapacidade.

A actividade do CERMI de Galicia, de cara ao ano 2024, continuará co reforzo na defensa

dos dereitos das persoas con discapacidade e a colaboración coa Administración Autonómica e co CERMI estatal, a cohesión interna e a busca de alianzas que acheguen e axuden á consecución dos obxectivos marcados.

V. Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade subscribir un convenio de colaboración con CERMI de Galicia para contribuír ao financiamento do mantemento da entidade, co fin de prestar servizos ás organizacións e entidades dedicadas á atención das persoas con discapacidade que defenden os seus dereitos,

VI. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, CERMI de Galicia é a única entidade de iniciativa social en Galicia que ten como finalidade ser un foro de estudio e debate que desenvolve propostas para mellorar e defender o colectivo de persoas con discapacidade.

CERMI de Galicia é a única entidade da Comunidade Autónoma que representa practicamente a totalidade das asociacións no eido da discapacidade, co fin de prestar servizos ás organizacións e entidades dedicadas á atención das persoas con discapacidade e velar polo mantemento das melloras conseguidas.

A especialidade da entidade como única representante do 95% do colectivo de asociacións de defensa das persoas con discapacidade, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade, segundo o previsto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, o carácter singular da mesma, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social e humanitario e polo tanto dificultan a convocatoria pública dun procedemento de concorrência competitiva e xustifican a concesión directa desta subvención.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o mantemento da entidade, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade no financiamento do mantemento de CERMI de Galicia, co fin de prestar servizos ás organizacións e entidades que a constitúan, dedicadas á atención das persoas con discapacidade, para a defensa dos dereitos destas persoas, no exercicio 2024.

As actuacións que vai desenvolver en relación aos obxectivos que persecue son:

- a) Ser un foro de estudo e debate que desenvolva propostas para a mellora e defensa do colectivo que representa.
- b) Diseñar políticas de actuación encamiñadas a alcanzar a normalización social das persoas con discapacidade.
- c) Ser unha plataforma común de debate para as persoas con discapacidade
- d) Representar as entidades representantes das persoas con discapacidade da Comunidade Autónoma de Galicia que constitúen CERMI de Galicia, ante os distintos órganos institucionais, públicos e privados da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Analizar os diferentes problemas que afecten ao colectivo das persoas con discapacidade.

SEGUNDA. *Orzamento*

A previsión do orzamento de gastos para o mantemento da entidade, ascende a cantidade de 51.300,00€ .

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **cincuenta mil euros (50.000,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **38.04.312E.481.1** dos orzamentos xerais

da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, e que dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio.

TERCEIRA. *Obrigas da entidade beneficiaria*

1. En cumprimento do artigo 11 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da entidade beneficiaria:

a) Cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Realizar as actividades que fundamentan a concesión da subvención, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga require de xustificación que se realizará nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CUARTA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa descrición de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) **Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) **Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actividades que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SEXTA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 20 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) Poderá acordarse un pagamento parcial de ata o 80% da totalidade da subvención, incluíndo nesta porcentaxe o anticipo recollido na letra anterior, na medida que a entidade beneficiaria xustifique debidamente os gastos realizados, previa acreditación do emprego das cantidades concedidas, realizada mediante unha certificación destes gastos expedida e asinada pola persoa representante da entidade, xunto coa documentación recollida nos apartado b) e c) da cláusula sétima.
- c) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas e xustificadas tódalas actividades do convenio

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse, a entidade beneficiaria terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, CERMI de Galicia queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

SÉTIMA. Gastos subvencionables e xustificación

1. Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2024**.

2. En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución das actividades a subvencionar, así como o gasto corrente directamente relacionado co mantemento da entidade, de conformidade co recollido na memoria económica.

3. Considerarase efectivamente realizado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, pola entidade beneficiaria.

No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao obxecto da subvención, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibo do proveedor.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo da persoa provedora.

4. Para os efectos de xustificación, CERMI de Galicia, remitiralle á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade a seguinte documentación, unha vez finalizadas as actuacións a subvencionar a través deste convenio, xunto coa xustificación do emprego da cantidade total das ditas actuacións e en todo caso con data límite do 10 de decembro de 2024:

a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas que forman parte das actuacións a subvencionar ao abeiro deste convenio.

b) Tendo en consideración que maioritariamente o gasto imputable é de persoal, conforme ao establecido no orzamento presentado deberá concretarse, aos efectos da súa xustificación e referida á mensualidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

1º. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación das actividades subvencionadas.

2º. Recibos de salarios.

3º. Documentos Relación Nominal de Traballadores (RNT) e Relación de liquidación de

cotizacións (RLC) das persoas traballadoras correspondentes aos meses imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

c) Unha certificación expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluíra a relación das facturas e xustificantes destes gastos, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa achega dos xustificantes ou facturas dos gastos realizados e a acreditación do pagamento efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Certificación do órgano competente da entidade relativa a que as achegas da Consellería de Política Social e Igualdade foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

5. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos imputables ao ano 2024, correspondentes a nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, no que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2025.

OITAVA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través deste convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

Entenderase incumplida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se incluían gastos que non respondesen ás actividades subvencionadas, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro. Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

NOVENA. *Inexistencia de relación laboral*

CERMI de Galicia queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual ningunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades a subvencionar a través do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMA. Comisión de seguimento e control

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes que o asinan. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no mesmo, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes de CERMI de Galicia, designados todas

elas, así como os seus suplentes por cada unha das persoas responsables .

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola directora xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, que actuará con voz pero sen voto será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido no convenio e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Vixencia*

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amporen actuacións encamiñadas á realización do correcto cumprimento das actuacións a subvencionar; en todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación, o 10 de decembro de 2024.

DÉCIMO SEGUNDA. *Obrigas da publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO CUARTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso; se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que,

de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

A Conselleira de Política Social e
Igualdade

Fabiola García Martínez

O Presidente do Comité de Entidades
Representantes de Persoas con
Discapacidade de Galicia

Luciano Fernández Pintor